


SACRA EXPERIENCE



COMUNIDADE
/
MUSEO
ABRIL A XUÑO
2 0 2 5

REDE MUSEÍSTICA PROVINCIAL DE LUGO

A Asociación Sacraexperience querenesta ocasión xerar unha programación rica dende e para a comunidade que sexa presentada e recollida por entornos patrimoniais e Culturais de referencia como a **Rede Museística Provincial de Lugo**.

Deste xeito **COMUNIDADE-MUSEO** supón un encontro de artes na paisaxe, que afonda nos intereses da Asociación, dando un xiro no seu formato e, ademáis de seguir coas súas accións formativas interdisciplinares coas que realizamos 20 obradoiros, coliving artístico, residencias e encontros de pensamento o longo do ano, toma a firme decisión de descentralizar o festival e adicarlle a programación do mesmo a diferentes artistas que previamente dialogan e experimentan o seu traballo creativo nestes territorios disgregados e afastados.

Adicando unha parte moi salientable ós colectivos en risco de exclusión social. Aos que se lles impide moitas veces o acceso á cultural de calidade pola súa localización ou clase social e económica.

Por iso neste proxecto "COMUNIDADE-

MUSEO" hai unha aposta firme por procesos de creación e residencias previas onde os protagonistas son as Comunidades. Dando voz a moitas persoas que ata o de agora estaban invisibilizadas e, moitas veces, non potenciadas

Repoboación a través da Cultura.

A Cultura coma motor de cambio para intervir os Territorios, sobre todo aldeas e pobos do interior de Lugo e Ourense.

Dentro desta programación, ademáis da formación previa, plantexamos programacións de Artes escénicas e musicais e xornadas de pensamento colectivo, para adultos e para os máis novos, que son os que verdadeiramente poden loitar por esta Galiza vaciada.

PROGRAMA

A través do apoio da Rede Museística Provincial de Lugo e a Viceperidencia da Deputación de Lugo, este ano no canto de centrar tódalas accións no Pazo de Tor, as abrimos a máis espazos da rede.

PAZO DE TOR

XORNADAS

PENSAMENTO:

TERRAS NOVAS

16 de Xuño, de 10:00 a 21.00 horas

Entrada gratuita ata completar aforo de 30 persoas

Comida a cargo da Organización

Xornada de Pensamento Comunitario, guiada polo artista e comisario de Arte Fernando Garcia Dory.

Nesta xornada trataranse os temas máis destacados do retorno aos núcleos rurais. Os poñentes definitivos serán seleccionados e comunicados á Deputación en función da axenda persoal de profesionais especialistas no campo e temática seleccionada para as poñencias.

Repensar a maneira de facer un cambio real, regular e profundo onde a cultura favorece un progreso dentro dos territorios e conecta as áreas rurais de menos de 200 habitantes con núcleos urbanos e proxectos internacionais, para así poder aprendernos xuntas e poder recoller as testemuñas destes lugares tan disgregados. Coas sabidurías que pertencen a esas persoas maiores, as cales deixánnos un legado auténtico que non debería quedar no olvido. Como a comunidade tan minoritaria que habita estes entornos alonxados da vida das urbes pode facer recuperar una nova vida aos novos habitantes e novas comunidades nestes lugares.

Neste evento queremos poñer o foco na xente nova, mostrando proxectos que se están realizando en Entornos Rurais de toda España. Tamén profundizar sobre a idea rural-urbano.

Poñentes:

Carlota Pérez

Cohabitar a creación,, O terceiro sorriso e

DE

Asociación Ser. Ribeira Sacra e Ancares. Creadora e xestora cultural, falará dos proxectos do ano 2025 nas súas asociación e da rede aldear a que pertencen máis de 20 asociacións do interior de Galiza.

Nuria Sotelo , Ruben Vilanova e Anxela Blanc

A Casa Vella e Refuxios artísticos. O rural coma centro de creación e posibilitador de procesos artísticos en fase de creación. Así coma residencias artísticas primordialmente das Artes do Movemento.

Poñentes de Axudas institucionais no medio rural

Representante do Agadac

Europa creativa

Programa Erasmus Plus

Fundación Nina Carasso

Obra Social A Caixa.

O encontro deste ano busca que os participantes nos foro teñan voz deixando a metade de cada relatoria, para presentar o proxecto en 5 min de cada un dos 30 puntos.

Será unha xornada intensa que remata cun espectáculo de artes vivas.

CONCURSO DE IDEAS.

"MOZ@S NO RURAL"

Convocatoria aberta a mozos e mozas de entre 18 e 30 anos, que leven ou queiran desenvolver un proxecto cultural na contorna rural, priorizando os núcleos rurais de menos de 200 habitantes.

Entre todas as propostas seleccionáranse catro, que participarán como relatores no encontro Terras Novas e unha achega económica de 150€ e a mentorización a cargo da fundación Ronsel para axudarlles a poñer en marcha os seus proxectos.

MUSEO PROVINCIAL DE LUGO

En Busca del Aire EXPERIMENTADANZA

24 de abril, 19:45

A peza de experimentadanza de danza contemporánea inclusiva, e a produción do ano 2025, cinco personaxes que forman a historia dabúsqueda dun lugar do mundo, todos pasaron un momento de angustia vital somatizado pola falta de aire, tan necesario para vivir. Peza de danza con asesoramento musical de Mercedes Peón

Dirección:

Carlota Pérez

Elenco:

Clara López

Mikel Aristegui

Jordi Cortés

Adriana Paulos

Pío López

Carlota Pérez



MUSEO FORTALEZA SAN PAIO DE NARLA CATA TEATRALIZADA

dirigida por Cristina Murga
7 de Maio as 19:30

Cristina Murga (A Rúa, 1968), Enxeñeira agrícola e enóloga, posúe a única adega que elabora exclusivamente viños espumosos. Unha aposta arriscada e valente coa que confía alcanzar o mesmo éxito que teñen xa brancos e tintos galegos no mundo.

Enxeñeira agrícola e enóloga, Charanga apostou sempre polo "máis difícil aínda". Leva, desde que comezou este século, apostando polos espumosos elaborados con variedades autóctonas galegas. Unha aposta á que lle lanzou o gran órdago. Crear a única adega existente en Galicia que soamente elabora espumosos seguindo o método tradicional "champanoise".

A cata será gratuíta cun máximo de 30 persoas que gozarán dunha viaxe polos sentidos percorrendo ou mundo do viño e das suas historias.

Os encargados de crear cada unha das esceas serán:

- Eva Veiga
- Carlota Pérez
- Mikel Arístegui
- Davide Salvado
- Cibrán Seixo.

O xantar de productos gourmet da Ribeira Sacra.

Ensaaios de 10:00 a 18,00 horas

Cata as 20:00 horas ata as 22:00 horas

Dirección

Carlota Pérez



Cristina Murga

**PAZO DE SAN PEDRO,
TABOADA**

**Concerto
SU GARRIDO**

11 de maio 13:00 horas



Criouse en Traspielas, no concello de Fornelos de Montes. O seu estilo musical abrangue diversos xéneros con matices de bossa, folk, jazz ou latín. Traballa en proxectos individuais e en proxectos colectivos.

As estancias coa súa avoa Leonora en Traspielas, Fornelos de Montes, marcaron a súa música.[2]

Ten unha ampla formación académica: Conservatorio Mayeuis (Vigo, guitarra), Universidade de Santiago de Compostela, (Historia da arte) Universidade de Salamanca (Musicoloxía), Universidade de Granada, (bolsa Seneca) Univesidade de Florencia, (bolsa Erasmus).[3]

Formou parte do grupo folk Lembranzas Galegas, do grupo Sonhos, do grupo TREME (con Margarida Mariño) e en 2018 de Son Trío coa pianista e compositora Katerina Linke e a cellista Susanna Blanco.[4][5]

En 2018 gravou o seu primeiro disco en solitario Quedo a vivir aquí e presentouno con xiras en Galicia, Portugal e Irlanda. En decembro de 2022 saíu Patios de luz.

Recoñecemento:

- 2007: 2º posto no concurso Internacional de música MAPFRE Vive paracumplirlo International Music Competition co seu tema Linda. E 4º posto polo tema Extraña María.
- 2007: 3º posto no concurso Gz crea 2015: xunto con Margarida Mariño, 1ª Premio no concurso Música Xove 15 ó mellor grupo xove galego
- 2018: 1ª clasificada no Premio Narf outorgado pola área de Cultura da Deputación da Coruña. [6]
- 2018: Son Trío, proposto para os Premios Martín Códax da música galega en Música clásica e contemporánea.[7]

Obra

- Quedo a vivir aquí (2018.)[8] Temas: "Ímola alboreando, Camiñan descalzas, Pecados, As bandeiras, Strange boat, As gueivotas, El 18 de julio, Quedo a vivir aquí, The long road home, As flores silvestres".

- Patios de luz (2022).[9] Temas: "Nun patio de luz, Rúa do pracer, O outro lado, Doce caseiro, Domingo, To let the light shine through, A arranca das patacas, O meu neno, A horta do Berbés".

Notas

1. "Su Garrido Pombo: «Na miña aldea, cantar era parte da vida cotiá»". La Voz de Galicia. 2023-05-03. Consultado o 2023-05-03.
2. Garrido Pombo, Su (Marzo de 2020). Aínda que me tremesen as pernas, tiña que ser capaz de cantar eu soa. A Movida. Entrevista con Tamara Novoa. Víguesa do mes. Vigo.
3. Salgado, Daniel (21 de outubro de 2018). "A canción en tránsito de Su Garrido Pombo". Sermos Galiza. Arquivado dende o orixinal o 25 de outubro de 2018. Consultado o 25 de outubro de 2018.
4. "Cantar non é subir a un escenario para lucirse, é parte da vida. Cantas porque tes que cantar" Praza Pública. 2021-08-20. Consultado 2021-09-27.
5. "Concurso Fran Pérez "Narf" para grupos e artistas musicais (antes concurso musical e rock)". Deputación da Coruña. Consultado o 25 de outubro de 2018.
6. "Un total de 54 finalistas optan a los V Premios Martín Códax de la Música". Faro de Vigo (en castelán). Consultado o 2019-01-29.
7. "Quedo a vivir aquí, by Su Garrido Pombo". Su Garrido Pombo. Consultado o 2023-03-04.
8. "Patios de luz, by Su Garrido Pombo". Su Garrido Pombo. Consultado o 2023-03-04. Ensaio xeral previo de dúas horas entre as 11:00 e a 13:00 horas con probas de son e ensaio no espazo.

Ensaio xeral previo de dúas horas entre as 11:00 e a 13:00 horas con probas de son e ensaio no espazo

MUSEO DO MAR DE SAN CIBRAO

Obradoiro de danza-teatro de Jordi Cortés

Xuño

Obradoiro da danza-teatro para a comunidade
mais cercana o Museo Fortaleza , e para os
nenos da escola Waldorf Meniñeiros de Friol.
Un Obradoiro interxeracional que dará lugar
a unha mostra aberta para amigos e familiares

Poderán participar un máximo de 20 alumnos
Horario Venres de 18:00 a 20:00 horas

Sábado de 11:00 a 14.00 horas e de 17:00 a
20;00 horas

Domingo de 10:00 A 13:00 horas

***Mostra aberta as 13:30 no exterior do
Museo.***



MUSEO
PROVINCIAL DO MAR



DIRIGIDO POR:

SACRA EXPERIENCE

CON LA COLABORACIÓN DE:



Consortio
de Turismo



REDE MUSEÍSTICA
PROVINCIAL DE LUGO

